

PROTOCOLO DE ENTREGA DE PREMIOS (RECOMENDACIÓN)

ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS

O organizador disporá o lugar e a forma do acto protocolario da entrega de trofeos.

Este acto ten moita importancia xa que inciden directamente na imaxe da competición que se reflicte na prensa e medios de comunicación en xeral.

Recoméndase ao organizador dispor de:

Locutor experimentado informado do protocolo que se seguirá na entrega, nomes das autoridades e os seus cargos, os nomes dos patrocinadores, listaxes de participantes, clasificación da proba e todo aquilo que deba anunciar ao público.

- Podio con tres alturas, numerado, seguro e proporcionado ao lugar onde se realizará a entrega.
 - Traseira do podio cos logotipos de organizador, patrocinadores, Federación, etc.
 - Mesa decorada cos trofeos a entregar.
 - Decoración da contorna: macetas, bandeiras, pancartas, etc.
 - Recoméndase a seguinte orde de entrega:
 - Trofeos á clasificación absoluta
 - Trofeos ás categorías empezando de menor a maior
 - Trofeos aos clubs
 - Foto final de podio masculino e feminino conxunto.
-

COORDINADOR DE ENTREGAS DE PREMIOS

Descrición

Coordinar e dirixir o equipo que formará parte da entrega de premios

Responsabilidades

- Traballar de xeito coordinado co Locutor da proba, para preparar programas axeitados as entregas
 - Asegurar os guións
 - Coordinar as autoridades que van entregar
 - Coordinar os ensaios se houberse
 - Asegurar en lugar seguro medallas, flores, ...
 - Preparar para cada entrega o material necesario
 - Asegurar que todo o equipamento de son, vídeo, etc. co que se conta; estea dispoñible para as cerimonia
-

PREMIOS E TROFEOS A ENTREGAR EN CADA PROBA

- Premios económicos aportados polo organizador

• Probas de Circuito de Dúatlon e Tríatlon de Estrada (art. 6.8b)

| | | |
|------------|-------|----------------------|
| Individual | | Clubs |
| 1º-1ª | 150 € | 1º Msc e 1ª Msc 200€ |
| 2º-2ª | 100 € | |
| 3º-3ª | 50 € | |

• Probas de Campionato Galego de Dúatlon e Tríatlon de Estrada (art. 3.5)

| | | |
|------------|-------|----------------------|
| Individual | | Clubs |
| 1º-1ª | 150 € | 1º Msc e 1ª Msc 200€ |
| 2º-2ª | 100 € | |
| 3º-3ª | 50 € | |

• Outras Probas

A criterio do organizador que o indicará nos regulamentos

- Medalla/Trofeo

1.- A Federación Galega de Tríatlon aportará as medallas para os podios de Campións galegos individuais e/ou de clubs.

2.- O organizador deberá aportar o resto de trofeos que se entreguen en cada proba, sexan ou non de campionato galego.

• Probas de Circuito de Dúatlon e Tríatlon de Estrada (art. 6.8a)

3 trofeos ou medallas a cada categoría masculina e feminina
Absoluta, Cadete, Junior, sub23 e Veterano I, II, III
3 trofeos ou medallas aos tres primeiros clubs masculino e feminino da clasificación xeral.

• Probas de Campionato Galego de Dúatlon e Tríatlon de Estrada (art. 3.5 e)

3 trofeos ou medallas a cada categoría masculina e feminina.
Absoluta, Cadete, Junior, sub23 e Veterano I, II, III
3 trofeos ou medallas aos tres primeiros clubs masculino e feminino da clasificación xeral.
Trofeo ou medalla á clasificación xeral aportado polo organizador.

• Probas de Circuito de Dúatlon Cros (art. 7.1)

3 trofeos ou medallas á clasificación xeral de cada categoría masculina e feminina: Absoluta Junior, e Veterano.
3 trofeos ou medallas á clasificación clubs masculino e feminino.

• Probas de Campionato Galego de Dúatlon e Tríatlon Cros (art. 7.1 e 7.3)

3 trofeos ou medallas á clasificación de Cpto Galego de cada categoría masculina e feminina.
Absoluta, Cadete, Junior, e Veterano
Trofeo ou medalla á clasificación xeral aportado polo organizador.

• Probas de Campionato Galego de Acuación (Art. 7.2)

3 trofeos ou medallas á clasificación de Cpto Galego de cada categoría masculina e feminina.
Absoluta, Cadete, Junior, e Veterano
Trofeo ou medalla á clasificación xeral aportado polo organizador.

• Probas de Campionato Galego de Media e Longa Distancia (Art. 7.4)

3 trofeos ou medallas á clasificación de Cpto Galego de cada categoría masculina e feminina.
Absoluta, Cadete, Junior, e Veterano.
Trofeo ou medalla á clasificación xeral aportado polo organizador.

• Probas de Nada e Corre

Clasificatorias- 3 trofeos ou medallas a cada categoría individual masculina e feminina (organizador)
Final Galega- 3 trofeos ou medallas a cada categoría individual masculina e feminina e aos 3 primeiros clubs da clasificación xeral. (Aportadas pola FEGATRI).

• Probas de Triatlón Escolar

Circuíto- 3 trofeos ou medallas a cada categoría individual masculina e feminina (organizador)
Final Galega- 3 trofeos ou medallas a cada categoría individual e de equipos masculina e feminina e aos 3 primeiros clubs da clasificación xeral. (Aportadas pola FEGATRI).

• Outras Probas avaladas pola FEGATRI (7.8)

3 trofeos ou medallas á clasificación xeral absoluta masculina e feminina.
Resto a criterio do organizador segundo o especificado en regulamento da proba.